

## AXUDAS ANUAIS A DEPORTISTAS.

Tempada 2013 - 2014. Circular 13-02.

Para percibir as Axudas Anuais a Deportistas correspondentes á tempada 2013-2014, teranse que cumprir os seguintes requisitos:

1. Ter tramitada a licenza de "Deportista de Competición" pola Federación Galega de Natación na tempada 2013-2014, e ter participado regularmente nas competicións organizadas por esta Federación.
2. A tramitación da licenza de deportista por un clube que non pertenza á Federación Galega de Natación, ou a tramitación da licenza estatal por un clube que non pertenza á Federación Galega de Natación, suporá, no momento da devandita tramitación, a perda de todos os dereitos, tanto de acumulación de méritos como de retribución de importes.
3. Acadar o posto de finalista en Campionato de España Absoluto, e obter un mínimo de 75 puntos no computo final do baremo de puntuación.
4. Ser nacido no ano 1996 ou anteriores para a categoría masculina e 1998 e anteriores para a categoría feminina.
5. Os méritos considerados serán os correspondentes exclusivamente a competicións absolutas.

### BAREMO DE PUNTUACIÓN.

<b>ALÍNEA 1: RÉCORDS.</b>	
- Por cada récord galego en probas individuais.	50 puntos
- Por cada récord do Campionato Galego en probas individuais.	10 puntos
- Por cada récord de España.	200 puntos
- Por cada récord de Campionato de España.	75 puntos
Os récords batidos en probas que se desenvolvan polo sistema de eliminatorias e finais, se se acadan na mesma proba en ambas fases, computaranse unha soa vez. Os récords galegos que sexan batidos nos campionatos galegos puntuarán unicamente como estes e non como récords de Campionato.	
<b>ALÍNEA 2: CAMPIONATOS GALEGOS ABSOLUTOS DE INVERNO E VERÁN.</b>	
- Medalla de bronce.	2 puntos
- Medalla de prata.	4 puntos
- Medalla de ouro.	8 puntos
Unicamente probas individuais.	
<b>ALÍNEA 3: CAMPIONATOS DE ESPAÑA ABSOLUTOS DE INVERNO E VERÁN.</b>	
- Por cada clasificación en final "A".	50 puntos
- Medalla de bronce.	100 puntos
- Medalla de prata.	150 puntos
- Medalla de ouro.	200 puntos
Estas puntuacións non son acumulables para unha mesma proba, só se terá en conta a mellor das mesmas.	
<b>ALÍNEA 4: SELECCIÓN NACIONAL (SÓ COMPETICIÓN, EXCLÚENSE AS CONCENTRACIÓN).</b>	
- Por participación en Cto. do Mundo Júnior.	100 puntos
- Por participación en Cto. de Europa Júnior.	75 puntos
- Outras competicións Júnior.	50 puntos
- Por participación en Xogos Olímpicos.	300 puntos
- Por participación en Cto. do Mundo.	200 puntos
- Por participación en Cto. de Europa.	150 puntos
- Outras competicións .	100 puntos
<b>ALÍNEA 5: OUTROS MÉRITOS (*)</b>	
- Residencia durante a tempada fóra do domicilio habitual por necesidade laboral e/ou académica(**).	30 puntos
- Realizar estudos superiores	30 puntos

[\*] Só se sumarán os puntos desta alínea cando se acade o mínimo establecido no punto 3 desta normativa sumadas as 5 alíneas anteriores.

[\*\*] Só se considerará cando o domicilio habitual sexa dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, e quedan excluídos desta alínea os nadadores con bolsa en centros de adestramento.

#### OBSERVACIÓNS:

1. O importe total das Axudas Anuais será o que figure no Orzamento aprobado pola Asemblea Xeral. Para a presente tempada o importe total é de 12.000 euros.
2. Só se poderá acceder a axudas de importe superior ao 25% do total da partida orzamentaria, no caso de ter participado en competicións internacionais coa Selección Española.
3. A Federación publicará os datos dos deportistas afectados, podendo os interesados presentar as reclamacións que estimen oportunas no prazo establecido.

A Coruña, 27 de setembro de 2013

Secretaría Xeral FEGAN